

PROXECTO
LINGÜÍSTICO
DE CENTRO

IES DE TOMIÑO

CURSO 2016/2017

INDICE

<i>Introdución</i>	<u>3</u>
<i>Situación sociolingüística</i>	<u>4</u>
<i>Linguas que se empregan nas áreas, materias, módulos ou ámbitos de coñecemento</i>	<u>21</u>
<i>Medidas adoptadas para potenciar o uso das linguas</i>	<u>24</u>
<i>Obxectivos e liñas de actuación deseñadas para o fomento da lingua galega</i>	<u>32</u>

1. INTRODUCCIÓN

O Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia modifica o anteriormente vixente decreto 124/2007, e no seu **artigo 14º** fai referencia ao proxecto lingüístico do centro, sendo este un documento que forma parte do proxecto educativo do centro (PEC), nel especificase que cada catro anos será ree laborado, e nel se fará constar:

- a) A decisión do centro educativo respecto da lingua en que se impartirán as materias dos distintos niveis impartidos no centro.
- b) As medidas adoptadas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten.
- c) Nos centros que imparten formación profesional específica, ensinanzas artísticas e deportivas, e ensinanza de persoas adultas, os procedementos que aseguren que o alumnado acade a competencia lingüística propia do nivel en ambas as dúas linguas oficiais.
- d) Os obxectivos xerais e as liñas de actuación deseñadas polo centro para o fomento da lingua galega.

O obxectivo primordial é garantir que o alumnado adquira de forma oral e escrita a competencia lingüística previa de cada nivel e etapa nas dúas linguas oficiais de Galicia, como establece o **artigo 14.3º** da **Lei 3/1983**, do 15 de xuño, de normalización lingüística.

O Decreto 79/2010 fai referencia tamén á realización dunha addenda anual onde figuren as actividades e estratexias de aprendizaxe para que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento das linguas oficiais

2. SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA

2.1 A SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DE GALICIA

A situación actual das linguas que se falan en Galicia está condicionada por unha serie de factores que inflúen sobre todo na vitalidade da lingua galega, como son os demográficos, de status e de apoio institucional.

Os factores demográficos inflúen positivamente na nosa lingua, pois o índice de galego-falantes iniciais é bastante alto, aínda que se constata unha forte desgaleguización interxeracional nos últimos corenta anos, polo que a ruptura de transmisión lingüística aínda non se detivo.

Tamén se percibe a tendencia á desaparición do monolingüismo en galego e o aumento dos monolingües habituais en castelán, se ben aínda destaca unha porcentaxe alta de galegos bilingües.

O galego predomina nos grupos profesionais de menor status económico, feito que consolida determinados prexuízos sociolingüísticos. Con respecto ao status social, hai dúas vertentes que debemos considerar. A lingua galega consegue durante as últimas décadas un alto grao de prestixio cultural adquirido polo galego nos últimas décadas, que non se corresponde co prestixio social, xa que este último valórase atendendo ao valor dunha lingua como símbolo de ascenso social. Aínda que os dous tipos de prestixios son necesarios, sabemos que o prestixio social é máis relevante.

Os factores de tipo institucional funcionan a nivel formal e informal. O nivel formal céntrase na asunción política e institucional da lingua que se reflicte na creación da Lei de normalización lingüística de 1983, pola cal se regula o uso do galego na administración, ensino e medios de comunicación. As consecuencias pódense sintetizar en función de tres planos diferentes: o aumento das funcións sociais do galego (pero promóvese só o uso formal), a diminución dos prexuízos (mantéñense

os que afectan á imaxe social) e o aumento das competencias en galego que comezou coa incorporación do idioma ao sistema educativo non universitario. O nivel informal está relacionado coa creación de grupos sociais que presionan para asegurar os intereses da lingua en todos os ámbitos. Neste sentido, a presenza dunha elite galeguista e de entidades sociais e culturais axudou a recuperar moitas das funcións e usos que o galego perdera.

Se realizamos unha análise global, atendendo aos datos anteriores, as **conclusións** serían as seguintes:

- Maior presenza social do galego nos ámbitos regulados pola lexislación lingüística (ensino non universitario, medios de comunicación públicos, etc) ca naqueles de menor dependencia da Xunta (universidades, etc.)
- Menor presenza do galego nos sectores nos que prevalece a lei do mercado onde predominan os prexuízos económicos (medios de comunicación privados, publicidade, tecido empresarial, etc.). Este factor quizais sexa o máis significativo á hora de revitalizar unha lingua.

2.2 SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA NO IES DE TOMIÑO.

Faremos neste punto unha análise dos usos lingüísticos da comunidade educativa do IES de Tomiño:

No primeiro punto faremos unha análise do uso das diferentes linguas por parte do alumnado, familias e profesorado. Esta análise extráese dos datos recabados nunha enquisa realizada no inicio do presente curso a todos os membros da nosa comunidade. Nesta enquisa recóllense os aspectos máis significativos no referente ao uso das distintas linguas: primeira lingua, uso en distintos contextos e con distintos interlocutores, adecuación de cada lingua a diferentes situacións, grao de dominio, presenza e uso de linguas estranxeiras, etc.

Pormenorizamos e cuantificamos todos estes aspectos a traves de táboas e porcentaxes, tomando os datos de forma global e detallados por niveis.

No segundo punto facemos referencia ao uso das diferentes linguas nos ámbitos das relacións, xestións e organización do centro.


2.2.1 RESULTADOS ENQUISA ALUMNADO

Contorno lingüístico na familia

Primeira lingua do alumnado.


GALEGO	CASTELÁN	OUTRAS
125	305	12

PRIMEIRA LINGUA ALUMNADO




Uso das linguas na familia.

	Galego	Castelán	Ambas	Outras linguas
O alumno	139	311	108	5
Con adultos	185	90	159	12
Con nenos	105	233	120	13



Uso das linguas na escola.


	Galego	Castelán	Ambas	Noutras linguas
Con amizades	71	234	147	4
No traballo	49	142	237	10
Na información	31	242	155	17



Uso das linguas en función do espazo


	En clase	Nos corredores e outros espazos do IES	Fóra do IES
Galego	242	146	204
Castelán	351	329	310
Inglés	134	3	31

Outra	60	3	11
-------	----	---	----



En función do interlocutor.


	compañeiros/as	profesorado	outros/as
galego	179	243	162
castelán	354	340	276
inglés	10	95	57
otra	4	30	30




Estimación da lingua que mellor se adapta a estes contextos, en opinión do dumnado:


	Mellor o galego	Mellor a castelán	Similar as dúas	Mellor o inglés	As tres
Ciencia e tecnoloxía	89	170	129	15	32

Mundo escolar	55	157	174	9	46
O mundo da música	86	150	133	29	60
Ocio e tempo libre	63	189	157	11	25
Nas relacións parella	54	152	203	3	20
Nas relacións familia	86	98	211	1	22
Entre amigos/as	62	192	292	2	22
No mundo laboral	29	136	138	18	111



RESULTADOS ENQUISA ALUMNADO POR NIVEIS





1º ESO

Número de enquisas cubertas: 101

Contorno lingüístico na familia

Primeira lingua do alumnado

GALEGO	CASTELÁN	OUTRAS
Nº	Nº	Nº
22	77	2

Uso das linguas na familia.

	Galego	Castelán	Ambas	Noutras linguas
O alumno	22	35	31	2
Con adultos	33	23	41	4
Con nenos	19	57	29	2

Uso das linguas na contorna escolar

	Galego	Castelán	Ambas	Noutras linguas
Con amizades	19	60	40	2
No traballo	8	35	52	3
Na información	3	53	44	1

Datos en función do espazo.

	Na clase	Nos corredores e outros espazos do IES	Fóra do IES
Galego	62	21	34
Castelán	71	69	70
Inglés	37	0	10
Outra	19		8

Datos en función do interlocutor.

	compañeiros/as	profesorado	outros/as
Galego	24	58	28
Castelán	82	64	63
Inglés	1	19	8
Outra	4	9	8

Estimación da lingua que mellor se adapta a estas situacións, en opinión do dumnado:

	Mellor o galego	Mellor a castelán	Similar as dúas	Mellor o inglés	As tres
Ciencia e tecnoloxía	41	47	22	2	2
Mundo escolar	18	38	34	4	12
O mundo da música	17	49	20	10	10
Ocio e tempo libre	15	60	23	3	5
Nas relacións parella	10	51	48	1	0
Nas relacións familia	45	27	55	0	0
Entre amigos/as	9	57	28	0	2
No mundo laboral	9	50	24	4	24

2º DE ESO

Número de enquisas cubertas: 77

Contorno lingüístico na familia

Primeira lingua do alumnado

GALEGO	CASTELÁN	OUTRAS
Nº	Nº	Nº
24	52	1

Uso das linguas na familia.

	Galego	Castelán	Ambas	Noutras linguas
O alumno	24	31	21	1
Con adultos	25	22	29	2
Con nenos	16	32	25	4

Uso das linguas na contorna escolar

	Galego	Castelán	Ambas	Noutras linguas
Con amizades	13	37	21	1
No traballo	25	22	30	2
Na información	16	34	25	4

Datos en función do espazo

	En clase	Nos corredores e outros espazos do IES	Fóra do IES
galego	35	27	33
castelán	63	58	55
inglés	14	0	0
outra	11	0	4

En función do interlocutor

	compañeiros/as	profesorado	outros/as
galego	34	40	34
castelán	60	62	50

inglés	0	0	30
otra	0	2	3

Estimación da lingua que mellor se adapta a estas situacións, en opinión do alumnado:

	Mellor o galego	Mellor a castelán	Similar as dúas	Mellor o inglés	As tres
Ciencia e tecnoloxía	9	52	16	1	3
Mundo escolar	8	40	25	1	3
El mundo da música	7	39	17	11	8
Ocio e tempo libre	13	37	25	0	3
Nas relacións parella	9	40	25	0	2
Nas relacións familia	19	26	30	0	2
Entre amigos/as	13	32	26	2	1
No mundo laboral	6	35	16	3	18

3º DE ESO

Número de enquisas cubertas: 96

Contorno lingüístico na familia

Primeira lingua do alumnado

GALEGO	CASTELÁN	OUTRAS
29	69	5

Uso das linguas na familia

	Galego	Castelán	Ambas	Noutras linguas
O alumno	29	38	33	2
Con	43	16	41	2

adultos				
Con nenos	24	45	29	4

Uso das linguas na contorna escolar

%	Galego	Castelán	Ambas	Noutras linguas
Con amizades	18	54	34	0
No traballo	5	34	60	2
Na información	5	62	35	7

Datos en función do espazo

	En clase	Nos corredores e outros espazos do IES	Fóra do IES
galego	61	44	57
castelán	85	77	70
inglés	36	2	10
outra	17	3	6

En función do interlocutor

	compañeiros/as	profesorado	outros/as
galego	53	58	47
castelán	77	79	70
inglés	5	35	8
otra		11	7

Estimación da lingua que mellor se adapta a estas situacións, en opinión do dumnado:

	Mellor o galego	Mellor a castelán	Similar as dúas	Mellor o inglés	As tres
Ciencia e tecnoloxía	25	36	34	1	3
Mundo escolar	16	35	37	1	12
El mundo da música	13	50	37	1	12

Ocio e tempo libre	13	50	30	7	0
Nas relacións parella	17	28	40	1	4
Nas relacións familia	2	20	50	0	1
Entre amigos/as	20	29	45	0	6
No mundo laboral	10	39	34	5	14

4º DE ESO

Número de enquisas cubertas: 83

Contorno lingüístico na familia

Primeira lingua do alumnado

GALEGO		CASTELÁN		OUTRAS	
Nº 24	% 29,6	Nº 55	% 67,9	Nº 4	% 4,9

Uso das linguas na familia

	Galego	Castelán	Ambas	Noutras linguas
O alumno	32	37	11	1
Con adultos	39	17	30	2
Con nenos	18	71	22	1

Uso das linguas na contorna escolar

	Galego	Castelán	Ambas	Noutras linguas
Con amizades	8	45	27	1
No traballo	7	31	44	2
Na información	5	45	29	4

Datos en función do espazo

	En clase	Nos corredores e outros espazos do IES	Fóra do IES
galego	41	23	40
castelán	72	68	59

inglés	21	1	7
outra	3	0	3

En función do interlocutor

	compañeiros/as	profesorado	outros/as
galego	31	40	24
castelán	71	72	50
inglés	2	20	6
otra	0	2	6

Estimación da lingua que mellor se adapta a estas situacións, en opinión do dumnado:

	Mellor o galego	Mellor a castelán	Similar as dúas	Mellor o inglés	As tres
Ciencia e tecnoloxía	7	24	34	6	10
Mundo escolar	13	19	39	3	11
El mundo da música	61	27	33	3	11
Ocio e tempo libre	11	29	41	1	4
Nas relacións parella	9	26	43	1	4
Nas relacións familia	18	18	42	1	2
Entre amigos/as	10	20	49	0	1
No mundo laboral	2	24	32	6	19

BACHARELATO

Contorno lingüístico na familia

Primeira lingua do alumnado

GALEGO	CASTELÁN	OUTRAS
26	52	0

Uso das linguas na familia

	Galego	Castelán	Ambas	Noutras linguas
O alumno	32	31	12	1
Con adultos	45	12	18	2
Con nenos	28	28	15	2

Uso das linguas na escola

	Galego	Castelán	Ambas	Noutras linguas
Con amizades	13	38	25	0
No traballo	4	20	51	1
Na información	2	48	22	1

Datos en función do espazo

	En clase	Nos corredores e outros espazos do IES	Fóra do IES
galego	43	31	40
castelán	60	57	56
inglés	26	0	4
outra	10	0	4

En función do interlocutor

	compañeiros/as	profesorado	outros/as
Galego	37	53	29
Castelán	64	63	43
Inglés	2	19	5
Outra	0	6	5

Estimación da lingua que mellor se adapta a estas situacións, en opinión do dumnado:


	Mellor o galego	Mellor a castelán	Similar as dúas	Mellor o inglés	As tres
Ciencia e tecnoloxía	7	21	31	5	14
Mundo escolar	9	30	38	0	10
El mundo da música	4	20	26	5	19
Ocio e tempo libre	11	13	38	0	13

Nas relacións parella	9	7	47	0	10
Nas relacións familia	12	7	43	0	17
Entre amigos/as	10	10	44	0	12
No mundo laboral	2	14	30	0	36

PROFESORADO

Coñecemento e uso das linguas polo profesorado (Sobre un total de 32 enquisas excepto "outra" sobre un total de 13).

Profesorado con capacitación	Galego	Castelán	Inglés	Francés	Outra
Moi alta	7	16	0	1	2
Alta	18	14	8	1	2
Suficiente	5	2	8	8	1
Baixa	1	0	9	3	2
Ningunha	0	0	5	13	3




Usos lingüísticos do profesorado

Situación ou ámbito

	Galego	Castelán	Inglés	Outras
Co alumnado na clase	47,4%	45%	4,7%	2,9%
Co alumnado fóra	48%	52%	0%	0%
Co profesorado, formal	52,4%	47,6%	0%	0%

Co profesorado, informal	49,4%	50,6%	0%	0%
Cos pais e nais	53%	47%	0%	0%



Necesidades formativas en cuestións lingüísticas

Ámbito	Necesidade (1 a 5)
Competencia lingüística en galego	2,73
Competencia lingüística en castelán	1,9
Competencia lingüística en inglés	3,42
Coñecemento básico das linguas do alumnado estranxeiro	3,25
Formación didáctica-metodolóxica para o ensino das linguas	3,7
Formación para coñecer estratexias e desenvolver habilidades para dirixir e dinamizar situacións de interacción e comunicación	3,83

2.2.2 USO DAS LINGUAS NAS RELACIÓNS, NA XESTIÓN E NA ORGANIZACIÓN DO CENTRO

As seguintes táboas reflicten o grao de uso das diferentes linguas usadas no noso IES, nos ámbitos das relacións formais, de traballo, administrativas, a comunicación exterior, a xestión do centro, a organización, a información, as canles de comunicación dixital.

USO DAS LINGUAS EN FOROS INTERNOS

foros	galego	Castelán	inglés	outra
OMR Consello escolar	X			
Dirección	X			
Claustro	X			
Reunións de equipos docentes	X			

USO DAS LINGUAS EN DOCUMENTOS ESCRITOS

foros	Galego	castelán	inglés	otra
Documentos xerais: PEC, PCC, regulamentos, Convivencia, Coeducación...)	X			
Comunicacións, emails, etc	X			
Outros documentos	X			
Actas e convocatorias das reunións	X			

PAISAXE LINGÜÍSTICO(%ESTIMADO)

Foros	GALEGO	castelán	inglés	outra
Señalización: rótulos, sinais...	100			
Na aula: avisos, cartels,	70	15	10	FRANCÉS 5
Murais, pósters...	80	10	5	5
Nos corredor: avisos, carteles...	70	20	5	5
Na intranet	100			

Na páxina web	100			
Outros sites (facebook, twitter)	100			
Interfaces nos ordenadores	100			

COMUNICACIÓNS CON OUTRAS INSTITUCIÓNS.

foros	Galego	castelán	inglés	otra
Concello	X			
Delegación	X			
Inspección	X			
Consellería	X			

3. LINGUAS QUE SE EMPREGAN NAS ÁREAS, MATERIAS, MÓDULOS OU ÁMBITOS DE COÑECAMENTO.

No seguinte cadro recóllense de modo esquemático as materias que se imparten no IES de Tomiño e a lingua na que estas materias están a ser impartidas no curso 2016/2017.

a) Materias impartidas en Galego e Castelán, Inglés, Francés na ESO no IES de Tomiño no curso 2016/17

MATERIAS	PRIMEIRO					SEGUNDO					TERCEIRO					CUARTO			
	A	B	C	D	E	A	B	C	D	E	A	B	C	D	E	A	B	C	D
Bioloxía e xeoloxía	G		G	G	G						G	G		G	G	G	G		
Ciencias sociais, xeografía e historia	G	G	G	G	G	G	G	G	G	G	G	G	G	G	G	G	G	G	
Ciencias Aplicadas á activ. profesional																		C	
Comunicación dixital	G	G	G	G	G														
Economía																C	C	C	
Educación física																			
Educación plástica, Visual e Audiovisual	C	C	C	C	C														
Filosofía																C	C	C	
Física e química						C	C	C	C	C	C	C	C	C	C	C	C	C	
Iniciación á act. emprend. e empresarial																			
Latín																			

Lingua galega e literatura	G	G	G	G	G	G	G	G	G	G	G	G	G	G	G	G	G	G	
Lingua castelá e literatura	C	C	C	C	C	C	C	C	C	C	C	C	C	C	C	C	C	C	C
Primeira lingua estranxeira: inglés	I	I	I	I	I	I	I	I	I	I	I	I	I	I	I	I	I	I	
Segunda lingua estranxeira: francés	F	F	F	F	F	F	F	F	F	F	F	F	F	F	F	F	F	F	
Segunda lingua estranxeira: portugués																			
Matemáticas	C	C	C	C	C	C	C	C	C	C								C	
Matemáticas Académicas													C	C	C				
Matemáticas Aplicadas										C	C								
Música						G	G	G	G	G	C	C	C	C	C	C	C		
Tecnoloxía						G*	G*	G*			G	G	G	G					
Tecnoloxía da Información e da Comunicación																	G*	G*	G*
Relixión católica			G	G	G												G	G	G
Cultura clásica												G			G	G	G	G	
Titoría									G										
Valores Éticos	C	C	C	C	C	C				C				C	C	C			

*Libro/ apuntes/ exames en castelán

a) Materias impartidas en Galego e Castelán, Inglés, Francés en Bacharelato no IES de Tomiño no curso 2016/17

		BACH_CCTEC						BACH-HCCSS						BACH-ARTES						
		1º			2º			1º			2º			1º			2º			
		A	B	C	A	B	C	A	B	C	A	B	C	A	B	C	A	B	C	
TRON CAIS	Educación física																			
	Filosofía	C	C																	
	Historia de España	G	G																	
	Lingua castelá e literatura I e II	C	C		C	C		C	C		C	C								
	Lingua estranxeira I e II (inglés)	I	I					I	I											
	Lingua galega e literatura I e II																			
TRON CAIS DE OPCIÓN	Latín I e II																			
	Matemáticas Aplicadas ás CCSS I e II																			

	Economía																			
	Economía de Empresa																			
	Grego I e II																			
	Historia do Mundo Contemporáneo																			
	Literatura Universal							C												
	Xeografía																			
	Historia da Arte																			
	Historia da Filosofía																			
	Matemáticas I e II																			
	Bioloxía e Xeoloxía																			
	Bioloxía						G													
	Debuxo Técnico I e II																			
	Física e Química		C																	
	Física																			
	Química						C													
			1º			2º			1º			2º			1º			2º		
			A	B	C	A	B	C	A	B	C	A	B	C	A	B	C	A	B	C
ESPE- CÍFICAS DE OPCIÓN E DE LIBRE CONFI- GURA- CIÓN	Cultura Científica																			
	Ciencias da Terra e do Medio Ambiente																	G*	G*	
	Debuxo Artístico I e II																			
	Fundamentos de Administración e Xestión																			
	Linguaxe e Práctica Musical																	C		
	Segunda Lingua estranxeira I e II: Francés																			
	Segunda Lingua estranxeira: Portugués																			
	Tecnoloxía Industrial		G																	
	Tecnol. da Inf. e da Com. I e II	G	G		G	G		G	G		G	G								
	Relixión																			
Electrotecnia																				

4. Medidas que pode adoptar o centro para potenciar o uso do galego e promover un correcto uso lingüístico escolar e educativo co fin de fomentar o plurilinguismo.

A análise da situación sociolingüística do centro pon de manifesto a importancia de promover actuacións encamiñadas a:

- a) Consolidar a lingua de partida do alumnado, o galego, como lingua 1 ou materna para compensar a diminución progresiva de seu uso (a prol do castelán) como lingua habitual fóra do contorno familiar.
- b) Concienciar a comunidade educativa de que o futuro do galego dependerá da nosa actuación social concreta e que só coa nosa participación, facendo uso real da lingua nas nosas interaccións persoais, poderemos contribuír á súa *normalización*.

4.1. Accións centradas en potenciar o uso do galego e en favorecer a creación de actitudes positivas que contribúan á normalización da lingua.

1. Accións que ha de promover a dirección do Centro procurando a participación de toda a comunidade educativa:

- **Potenciar as actuacións positivas que se veñen realizando:**
 - Uso do galego nos documentos de relación coas familias e co contorno social.
 - Facer en galego toda a documentación administrativa e pedagóxica.
 - Ter en galego todo tipo de avisos, carteis, letreiros ...
 - Uso do galego nas actividades extraescolares e en todo os actos que organice o centro.

- Uso do galego nas páxinas web da biblioteca e do centro.

- **Mellorar algúns aspectos e suplir carencias:**

- Adquirir como Centro o compromiso de que os equipos directivos utilicen o galego coma lingua de interacción persoal e non só como a lingua requirida nas reunións de carácter oficial.
- Fomentar a atención en galego por parte de todo o persoal e, particularmente, do persoal non docente, no contacto directo co alumnado e as súas familias.
- Promover o uso do galego na cafetería e na megafonía.
- Ampliación dos fondos da biblioteca de materias didácticos, informáticos e audiovisuais en galego.
- Consensuar nas CCP as actuacións que se desenvolverán a través da participación dos diferentes departamentos didácticos para que estes as recollan de forma expresa nas súas programacións.
- Procurar o intercambio de experiencias e o desenvolvemento de actividades conxuntas cos centros de primaria adscritos ó IES.
- Procurar a colaboración do Concello para fomentar a presenza do galego nos espazos que ofertan actividades de ocio, lecer e consumo ós mozos e mozas.

2. Accións deseñadas polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG).

- a) Potenciar as que se veñen realizando: elaboración da revista, organización do Día das Letras, e outras actividades que fomentan o uso da lingua e favorecen o coñecemento do patrimonio histórico, artístico e cultural galego en colaboración con outros departamentos.
- b) Realizar máis campañas de uso do idioma que contribúan a erradicar prexuízos lingüísticos. Deberían subliñar a incoherencia que supón cambiar automaticamente de lingua (do galego ó castelán) cando se incorpora un castelán falante a unha situación comunicativa que se estaba a desenvolver en galego.

- c) Procurar mellorar e actualizar a información sobre recursos didácticos en galego; sobre todo os relacionados coa informática, a tecnoloxía e as novas tecnoloxías.
 - d) Diseñar máis actividades encamiñadas a potenciar o uso oral da lingua.
3. Accións a promover polos equipos de dinamización a través do Proxecto lector e do Proxecto das TIC.
 4. Promover a creación de clubs de lectura en galego intentando tamén atraer ós mesmos a profesorado e alumnado que non utiliza habitualmente o galego.
 5. Seguir procurando a participación en galego de alumnado e profesorado na páxina web da biblioteca.
 6. Fomentar a utilización das tecnoloxías da información e da comunicación promovendo a súa identificación co uso do galego (weblogs colectivos, chats ...)
 4. Accións a promover polos distintos departamentos didácticos (incluíndoas nas súas programacións didácticas).
 5. As relacionadas coa súa participación nos diferentes proxectos do centro (Lector, TICS e proxecto interdisciplinar) deberían utilizar o galego.
 6. As achegadas polos distintos departamentos (non sinalados no Decreto) para fomentar o uso do galego.
 7. O compromiso de cumprir a normativa vixente en canto ás materias que se han de impartir en galego.
 8. O compromiso de procurarse recursos didácticos en galego .

4.2. Medidas de apoio e reforzo para un correcto uso lingüístico escolar e educativo .

1. Favorecer os desdobramentos nos grupos máis numerosos dos primeiros cursos da ESO tamén nas áreas de lingua castelá e lingua galega para desenvolver actividades orais.
2. Promover a participación do alumnado e o profesorado en actividades complementarias (teatro, conta contos, telexornal do IES, radio escolar, cortos de vídeo etc) que fomenten o uso do galego e do castelán tanto oralmente coma por escrito. Intentar implicar nas mesmas a outros membros da comunidade educativa (pais/nais, persoal non docente).
3. Incluír no plan de acción tutorial actividades que promovan a reflexión sobre o respecto intercultural e o plurilinguismo; tendo que desenvolverse cada actividade nas dúas linguas, galego e castelán.
4. Desenvolver o(s) proxecto(s) interdisciplinar(es) en dúas linguas (galego-inglés, galego-castelán).
5. Propiciar, dende diferentes departamentos didácticos, a participación do alumnado en concursos ou proxectos de ámbito rexional, estatal ou internacional realcionados coa interculturalidade e o plurilinguismo.
6. Dotar a biblioteca de materiais didácticos, informáticos e audiovisuais que axuden a desenvolver as medidas propostas.

4.3. Medidas a adoptar para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle impartan.

1. Seguir a realizar os reforzos educativos e as medidas de atención a diversidade necesarias en colaboración cos departamentos de pedagogía terapéutica e de orientación.
2. Establecer actuacións lingüísticas específicas para o alumnado estranxeiro.
3. Medidas de reforzo que adopten os diferentes departamentos didácticos e que establecerán nas súas programacións.

4.4. Propostas dos Departamentos de linguas para potenciar o uso das diferentes linguas impartidas no IES de Tomiño

DEPARTAMENTO DE GALEGO

Criterios de cualificación en todos os niveis de Secundaria e Bacharelato:

- Lecturas en galego obrigatorias (polo menos unha por trimestre en cada nivel) e voluntarias.
- Exposicións orais en galego en todos os cursos tal e como prescribe a LOMCE no bloque de “Comunicación Oral”.

Actividades extraescolares e complementarias:

- Asistencia á representación de obras de teatro
- Saídas ao Cine para visionar longametraxes galegos
- Saídas didácticas a lugares de interese desde o punto de vista da cultura galega (Ourense, Pontevedra, Compostela...)
- Intercambio epistolar con distintos centros educativos galegos
- Lecturas compartidas entre Biblioteca e Club de Lectura do IES Tomiño e outros centros educativos galegos.
- Actividades vinculadas á obra de Carlos Casares co gallo do DLG.
- Visita, charlas e exposicións de escritores e escritoras galegas
- Colaboración na celebración do Día do Libro.
-

⇒ PORTUGUÉS (2ª lingua estranxeira)

Actividades extraescolares e complementarias:

- Organización da Semana da Lusofonía.
- Asistencia á representación de obras de teatro en portugués
- Proxeccións de filmes de fala portuguesa.
- Visita a algunha localidade portuguesa.
- Intercambio epistolar con alumnos portugueses, ou con alumnos doutros centros de Galicia que estean a estudar portugués, creación dun blog ou actividades similares.

DEPARTAMENTO DE INGLÉS

O departamento de Inglés, coa fin de buscar puntos de referencia para o alumnado no eido da lingua inglesa, esta sempre intentando buscar actividades que impliquen ao alumnado dun xeito máis racional e, sobre todo, máis entretido e ameno.

Entre estas actividades podemos salientar as seguintes:

1. REPRESENTACIÓNS TEATRAIS

Obra de teatro en inglés representada por compañías de teatro de actores nativos.

As datas soen ser comezos de 3ª Avaliación coa fin de non interferir en datas de exames finais.

O número de alumnos estivo o primeiro ano nos 100 alumnos e nos 120 no segundo ano.

En ambos os dous casos o éxito foi total, cunha participación moi alta e unhas expectativas que se cumpriron de cheo.

Cómpre salientar que as obras foron representadas na Casa da Cultura de Tomiño, cedida polo Concello para os ditos eventos. Este feito da, se cabe, máis relevancia ao acto pois ten repercusión na vila e mesmo na prensa, ofrecendo unha imaxe de apertura e de dinamismo cultural.

2. SKETCHES

Realización de pequenas obras teatrais (momentos da vida a diario en inglés e cun toque de humor moi intelixente) para 2º de ESO, que implican ao alumnado nun novo xeito de ver a lingua eco cal se sinten máis activos.

Nestas obras participan todos sen excepción dando unha sensación maior de integración no grupo.

3. DOBRAXES

OS alumnos de 3º e 4º ESO participan na dobraxe de escenas divertidas e representativas de películas famosas,

Empregamos as novas tecnoloxías para implicar aos alumnos nunha actividade moi divertida e que ten moito éxito.

4. FESTIVIDADES

Sendo a lingua inglesa un receptor de moitas celebracións, no departamento estamos sempre moi atentos a dar a coñecer aspectos das celebracións propias de países con inglés coma lingua nativa.

Deste xeito, non é difícil atopar o Instituto cheo de bruxas e cabazas en Halloween ou de carteis informativos na época de Acción de Grazas (Thanksgiving)

5. LINGUA DIXITAL e TICs

Coa implantación da LOMCE o departamento de Inglés deu un paso adiante e afrontou un cambio no modo de ensino en todos os cursos, apostando forte polo libro dixital.

Todos os cursos afrontaron cambio de método no curso 2016-17, sendo condición indispensable que a súa implantación dixital fose o máis ampla e positiva posible.

Deste xeito, os métodos de aprendizaxe fanse máis dinámicos empregando ferramentas TIC que permiten a implicación do alumnado dun xeito máis dinámico e integrante.

Encerados dixitais, proxectores e ferramentas TIC son o mellor conxunto de aplicacións para darlle o pulo necesario a un método de ensino de linguas estranxeiras máis fresco e innovador, sempre coas dirección do profesor na aula pero facendo que o alumno adquira maior protagonismo e liberdade á hora de participar e integrarse.

DEPARTAMENTO DE LATÍN.

SEDES LINGVAE LATINAE

A partir da segunda avaliación úsase o latín como lingua vehicular en determinados contextos e clases, tanto por parte do alumnado como do profesor.

Us que a secunda evaluation e sermo latinus in quibusdam scholis temporibus que usurpatur ut et magister et discipuli inter se colloquantur.

DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

En primeiro lugar, e dende o primeiro curso, a lingua francesa é a principal lingua de comunicación nas aulas de francés, sempre en función do nivel de

coñecemento dos grupos. Nos primeiros cursos, especialmente en 1º ESO, se recorre con frecuencia as linguas maternas para dar e apoiar as explicacións. A porcentaxe do uso da lingua francesa vai en aumento en cada nivel educativo.

Ademais do traballo de clase e das probas tanto escritas como orales que se fan ao longo do curso, tamén existen libros de lectura, que neste curso son optativos, agás en 2º de bacharelato que teñen unha lectura obrigatoria. Hai libros adaptados a todos os niveis de lingua, e o feito de ler algún libro, lles repercute de xeito positivo nas cualificacións.

Tamén intentamos, dende o departamento, que se familiaricen tanto co cine como coa música franceses, facéndolle escoitar cancións francesas e traballando con elas, así como proxectando algunha película en francés ao longo de cada curso.

Cada dous cursos escolares, o departamento organiza un intercambio escolar cun centro educativo francés. Os alumnos e alumnas galegos están aloxados en familias francesas, e participan tanto da vida familiar como escolar dos seus compañeiros franceses, e durante a semana que pasan en Francia, tamén fan visitas para descubrir o patrimonio cultural do país. Tamén, dependendo do ano, ou antes ou despois da nosa estancia en Francia, os nosos alumnos e alumnas reciben aos seus correspondentes franceses coa mesma finalidade.

DEPARTAMENTO DE CASTELÁN.

1. Viaxes ou rutas literarias. Realización de saídas complementarias dun ou de varios días de duración nas que se visiten espazos literarios de interese: Don Quixote e a Mancha, o corral de comedias de Almagro, a importancia literaria de cidades como Toledo e Soria, etc.
2. Asistencia a representacións teatrais de obras significativas da dramaturxia española, para pór ao alumnado en contacto con pezas de relevancia literaria.

3. Visita a emisoras de radio como a SER, medio de comunicación transmisor da lingua oral estándar.
4. Realización de diversas actividades (concursos e exposicións, entre outras) para celebrar datas conmemorativas no eido da cultura, a literatura e a lingua, como Día do Libro ou o Día Mundial da Poesía.

5. Obxectivos e liñas de actuación para o fomento da lingua deseñadas polo Equipo de Dinamización da lingua Galega.

Os obxectivos referidos neste punto quedan recollidos e especificados cunha periodicidade anual no Proxecto de Fomento da Lingua Galega. Dito proxecto será redactado polo EDLG, e posto en práctica por todos os elementos da comunidade educativa

As súas estratexias de traballo se establecerán a principio de cada curso en función dos seguintes:

Obxectivos xerais:

1. Valorar a importancia do uso da lingua propia como expresión dos valores culturais e da visión do mundo; así como da responsabilidade, individual e colectiva, de todos os membros da comunidade educativa no proceso de normalización e dinamización lingüística.
2. Garantir a posibilidade de vivir plenamente en galego a quen así o desexe, sabendo que conta co amparo da lei e das institucións.
3. Conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso, outorgándolle o protagonismo que merece e priorizando a súa presenza en sectores estratéxicos.
4. Trasladar á sociedade a oferta positiva de atención e relación directa co cidadán ou cliente mediante o uso da lingua galega, como norma de cortesía dun novo espírito de convivencia lingüística.

5. Promover unha visión real, moderna e útil da lingua galega que derrube prexuízos, reforce a súa estima e aumente a súa demanda.

6. Dotar o galego dos recursos lingüísticos e técnicos necesarios que o capaciten para vehicular a vida moderna.

3.2. Obxectivos específicos:

Os obxectivos e as actividades propostas para este curso académico 2012/2013, do que xa levamos transcurrido máis dun trimestre, buscan una continuidade cos proxectos presentados polo Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística no curso anterior, favorecendo a incorporación de iniciativas novas e dinamizadoras que potencien o uso habitual da lingua galega no centro de ensino e na nosa zona, traballando os aspectos nos permiten mantermos coma un pobo con identidade e cultura propia.

Seguimos a considerar fundamental a presenza dos demais departamentos educativos do centro nesta labor dinamizadora, facendo un esforzo de programación conxunta e interdisciplinar, así como establecer unhas vías de comunicación continua cos outros centros educativos da zona e outras entidades con carácter cultural e social da nosa contorna.

RELACIÓN DE OBXECTIVOS EXPECÍFICOS

- 1 Utilizar o galego como lingua vehicular en todos os actos que organiza o centro.
- 2 Crear e editar en galego a revista do centro, en papel e en formato electrónico.
Xeneralizar o uso do galego en todo tipo de carteis, letreiros, avisos, etc, así como na páxina web do centro: <http://centros.edu.xunta.es/iesdetomino>
- 3 Empregar o galego nos documentos de relación coas familias e coa contorna social.
- 4 Facer en galego toda a documentación administrativa e ter en galego os carimbos empregados.
- 5 Usar o galego na megafonía e na radio.
- 6 Recompilar material informático que axudeao profesorado a traballar en galego: tradutores, correctores...
- 7 Empregar a lingua galega por parte de todo o profesorado nas conversas que se manteñan coas familias, co alumnado e co persoal non docente.
- 8 Incrementar o emprego das tecnoloxías da información e da comunicación (TICs): programas informáticos en galego, recursos na rede, blogs colectivos, videoconferencias...
- 9 Continuar cotraballo de creación do blog do equipo: <http://nanosalingua.blogspot.com>
- 10 Informar e promover o proceso de galeguización de nomes e apelidos entre o alumnado.
- 11 Promover o respecto de cara a recuperación da toponimia e microtoponimia galega e en especial da zona de Tomiño.

- Mater a dotación de libros e revistas en galego na biblioteca do centro, fomentando o seu uso e a súa lectura.
- 12 Ampliar os fondos da fonoteca e da videoteca con material en lingua galega para potenciar no alumnado e nas familias o gusto e interese polas nosas producións.
 - 13 Realizar carteis, adhesivos, slogans, etc., promovendo o uso do galego en todos os ámbitos.
 - 14 Analizar e estudar a variante diatópica da zona a través de gravacións.
 - 15 Promover o contacto interxeracional para favorecer o intercambio de experiencias cos maiores da zona así como a análise e o estudo da lingua.
 - 16 Promover encontros e intercambios co alumnado doutras zonas, sobre todo daqueles centros que destaquen polo seu avance dinamizador.
 - 17 Conseguir que o profesorado se acostume a utilizar o corrector ortográfico.
 - 18 Elaborar en galego os materiais pedagóxicos que se empregan na aula e nas actividades complementarias.
 - 19 Ter ben dotado o centro de materiais audiovisuais, de xeito que o alumnado coñeza a riqueza das producións feitas en galego.
 - 20 Impulsar a elaboración de vídeos e curtametraxes en galego.
 - 21 Impulsar a formación de grupos de teatro, musicais, clubs de lectura, etc, que desenvolvan a súa actividade en galego.
 - 22 Realizar actividades conxuntas con centros que estean próximos.
 - 23 Realizar charlas de todo tipo (con escritores, sociolingüistas, personaxes públicos, etc.) para promover a utilización social da lingua.
 - 24 Manter un contacto fluído con outras institucións locais para acadar obxectivos comúns referidos ao uso da lingua (Concello, ANPA, asociacións culturais).

RELACIÓN DE ACTIVIDADES

Actividades que buscan favorecer a expresión oral do alumnado

A transmisión oral é un obxectivo prioritario para o EDLG DO IES DE TOMIÑO, pois a lingua permanece viva en tanto se fala e serve como vehículo de comunicación. Tratamos de fuxir da concepción da nosa lingua como "lingua de museo", e tentamos normalizar os seu uso na vida cotiá, tendo en conta a estreita relación da lingua e a tecnoloxía nas canles de comunicación tanto do alumnado como do profesorado

XORNADAS DE MÚSICA E ARTE DO PANORAMA ACTUAL GALEGO

En colaboración con outros departamentos, seguiremos a promover e difundir a produción artística galega.

Dependendo do orzamento do equipo, estableceremos contacto con músicos, artistas e escritores galegos que ofrezan a súa experiencia e o seu traballo para

darse a coñecer diante do noso alumnado. Trataremos de posibilitar que o alumnado acceda a formas de expresión que non están habitualmente nos medios, e que poida ter unha participación activa nestas experiencias artísticas.

Obxectivos:

- *Fomentar a o gusto polas creacións artísticas e musicais.*
- *Promover a participación activa do alumnado na actividade que lle servirá como referencia para as súas producións futuras.*
- *Traballar as destrezas comunicativas básicas (expresión oral e comprensión escrita) e o rexistro culto do idioma.*

Actividades que buscan fomentar a lectura e a expresión escrita en galego.

ANIMACIÓN Á LECTURA

Promoveremos a organización de campañas de animación á lectura destinadas ao alumnado que durante o curso len libros en galego, en colaboración co profesorado responsable da organización e funcionamento da biblioteca.

Potenciaremos o uso dos taboleiros

“Taboleiro da lingua” (novas relacionadas coa lingua, certames, concursos, viaxes, actividades no IES, etc).

“Gústasme” (e será exposto na biblioteca, e o alumnado e profesorado irán deixando opinións sobre os libros que len; tamén terán cabida comentarios sobre cómics, longametraxes ou música en galego), coa finalidade de animar ao consumo de cultura en galego a outros membros da comunidade educativa.

A actividade anterior verase complementada coa versión dixital de “GÚSTASME”, xa mencionada no punto referido ás producións videográficas.

COORDINACIÓN E ELABORACIÓN DA REVISTA DO CENTRO

Descrición: BRÉTEMA é dende hai xa moitos anos a revista do IES Tomiño, e nela se recollen novas de interese para a comunidade educativa elaboradas polo alumnado e profesorado do centro en colaboración do persoal docente, artigos de opinión, reportaxes sobre as actividades do centro.

Obxectivos:

- *Promover a colaboración de toda a comunidade educativa na súa elaboración.*
- *Pór en práctica o traballo realizado durante o curso canto a expresión escrita en rexistro culto.*
- *Presentar os traballos feitos en lingua galega desde todos os departamentos.*
- *Fomentar o uso das TICs.*

CONVOCATORIA DE CONCURSOS LITERARIOS INTERNOS

Descrición: Convocatoria dun novo **Concurso de microrrelato e poesía**

O concurso trata de continuar a servir de aliciente para o uso da lingua galega e para canalizar parte da creatividade amosada ao alumnado.

Os textos que resulten premiados poderán ser publicados no número actual da revista do instituto, ou na sección de Normalización Lingüística da páxina web do centro, así como no noso Blog.

Obxectivos:

- *Promover a participación de todo o alumnado.*
- *Pór en práctica o traballo realizado durante o curso canto á expresión escrita en rexistro culto.*
- *Fomentar o gusto pola lectura e a creación literaria en lingua galega.*
- *Dependendo do orzamento, pretendemos a publicación das mellores obras de creación literaria e a impresión dun fanzine que recolla os traballos de banda deseñada de maior calidade.*

Actividades que buscan promover encontros e celebracións que trascendan o ámbito escolar co fin de contribuír á sensibilización social na recuperación da dignidade da lingua e da cultura en xeral.

PROXECTO DE INTERCAMBIO DE CENTROS

Descrición:

Realización dun intercambio epistolar ou varios institutos galegos, coa posibilidade de programar visitas entre os centros participantes.

Entre as actividades programadas figuran:

- Intercambio epistolar
- Envío de vídeos de presentación
- Comunicación mediante as redes sociais
- Encontro físico dos participantes nunha xornada lúdica

Obxectivos:

- *Desenvolver a socialización do alumnado*
- *Descubrir outras realidades que manteñen a liña común da lingua*
- *Establecer relacións con outras comunidades educativas*

Temporalización: Ao longo do curso establécese a toma de contacto (cartas, correo electrónico, Facebook, envío de vídeos de presentación) entre o alumnado. Dependendo do presuposto, proporemos en Maio una saída para que se coñezan persoalmente, e participen dunha xornada en común, cunha programación de actividades que permitan este coñecemento

ASISTENCIA ÁS XUNTANZAS DO ENC (EQUIPO DE NORMALIZACIÓN COMARCAL)

Cada certo tempo, os coordinadores dos distintos EDLG dos centros educativos do Baixo Miño reunímonos e establecemos liñas de acción conxuntas e actividades compartidas.

Obxectivos:

- *Coordinarse cos outros ENDL da nosa zona.*
- *Establecer obxectivos común, compartir materiais e experiencias e participar en actividades común.*
- *Programar e participar na Carreira das Letras, CORRELINGUA.*

CELEBRACIÓN DO MAGOSTO E DO ENTROIDO

Trátase dunha festa moi enraizada na zona e que na xa levamos tempo colaborando dende o equipo para a súa programación e desenvolvemento.

O noso labor consistirá na animación e dinamización destas festas de cara a comunidade educativa.

Pretendemos traballar todo tipo de textos en galego que traten a temática da festa concreta, así como publicitar a devandita celebración para que o alumnado participe activamente nas festas tradicionais, pretendendo, segundo as posibilidades reais, a recuperación dos xogos tradicionais.

Coa información e reportaxes realizadas nestas festas poderanse escribir algúns artigos para a revista do centro.

Obxectivos:

- *Promover a participación activa do alumnado e, en xeral, de toda a comunidade educativa.*
- *Valorar positivamente as festas tradicionais do país.*
- *Traballar na recuperación dos xogos tradicionais.*

CELEBRACIÓN DO DÍA DA ÁRBORE

Esta actividade funciona tamén nun ámbito multidisciplinar, e vímola desenvolvendo dende xa hai varios anos.

Nela tratamos de darlles a coñecer aos membros da nosa comunidade escolar as especies arbóreas autóctonas, ademais de desenvolver actitudes de respecto cara á nosa contorna e ao medio ambiente en xeral.

Obxectivos:

- *Profundizar no coñecemento das especies arbóreas autóctonas*
- *Fomentar o respecto polo medio ambiente.*

CELEBRACIÓN DA FESTA DAS LETRAS GALEGAS

Descrición: Programación dun conxunto de actividades encamiñadas a festexar as Letras Galegas e lembrar a figura do homenaxeado.

Obxectivos:

- *Promover a participación activa do alumnado e, en xeral, de toda a comunidade educativa nesta celebración.*
- *Valorar positivamente a cultura popular as festas tradicionais do país*
- *Traballar na recuperación dos xogos tradicionais e oficios tradicionais*
- *Descubrir e profundizar na obra de escritores e escritoras en lingua galega*

Actividades que buscan a motivación e a colaboración co profesorado no uso do galego como lingua vehicular do ensino.

Obxectivos:

- *Lembrar e promover os cambios na nova normativa do galego.*
- *Continuar co servizo de préstamo da discografía galega recompilada en anos anteriores e continuar co labor de recompilación. Encargarase o alumnado do EDLG.*
- *Posta a disposición do profesorado e alumnado do material videográfico que ata o de agora temos recompilado para a súa posible utilización na aula.*
- *En colaboración co Departamento de música, retomar a iniciativa da gravación dun CD con textos de poemas galegos musicados.*
- *Manter informada á comunidade educativa acerca do Proxecto Lingüístico de Centro.*
- *Colaborar co equipo directivo e cos departamentos na selección de material en galego de interese.*
- *Continuar a elaboración do Proxecto Lingüístico de Centro, buscando a participación activa dos outros departamentos de linguas no seu desenvolvemento.*

CONTRIBUCIÓN Á AMPLIACIÓN DOS FONDOS DA BIBLIOTECA DO CENTRO

Obxectivos:

- *Fomentar no alumnado e nas familias o gusto pola lectura de obras en lingua galega.*
- *Difundir e valorizar entre o alumnado a realidade cultural e literaria do país.*
- *Traballar as destrezas lingüísticas activas (ler e escribir) e o rexistro culto do idioma.*
- *Dar a coñecer os/as autores/as clásicos e noveis a través das súas producións para que sirvan de referentes para os seus traballos.*
- *Promover a idea entre o alumnado de que a biblioteca é un espazo de grande utilidade para mellorar o rendemento escolar e para o enriquecemento persoal ao longo de toda a vida.*

Destinatarios: toda a comunidade educativa.

ASESORAMENTO LINGÜÍSTICO AOS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA

Esta actividade ten como finalidade potenciar o uso correcto da lingua galega o ENDL:

- *Achegar axudas lingüísticas aos seminarios, á biblioteca e profesores, en particular, que se amosen sensibles á utilización do galego, co fin de facilitarlles o seu labor.*
- *Proporcionar asesoramento lingüístico necesario para todas aquelas actividades complementarias e extraescolares que se desenvolvan no centro.*
- *Colaborar na tradución de programas informáticos ao galego.*

Actividades que buscan fomentar o uso da lingua galega no manexo das novas tecnoloxías

DESENVOLVEMENTO DO BLOG DO ENDL E COLABORACIÓN NA ELABORACIÓN DA PÁXINA WEB DO CENTRO

Descrición: Desenvolvemento do blog do EDLG

<http://nanosalingua.blogspot.com>

Neste blog recollemos todas as actividades levadas a cabo no IES de TOMIÑO polo noso Equipo e por outros departamentos que teñan como finalidade a promoción e dinamización da lingua galega.

Buscamos tamén a creación dun espazo de encontro dixital dos membros do noso equipo e outros membros da comunidade educativa, incluído na páxina web do centro.

Obxectivos:

- Promover a participación activa do alumnado e, en xeral, de toda a comunidade educativa.
- Dar a coñecer recursos na rede así como as actividades levadas a cabo desde o ENDL.
- Fomentar o uso das TICs.

ACTIVIDADES PROPOSTAS.

- Adquisición de material de oficina, funxible, para uso do EDLG.
- Información das actividades do EDLG a través de todos os medios dispoñibles no centro (reunións, carteis, taboleiro de anuncios...).
- Asistencia ás reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP), para achegar as nosas propostas.



IES de Tomiño

Curso 2016/2017